



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO DO DIA 4 DE XULLO DE 2016.

ASÍSTENTES:

Alcalde-presideante

D. XOSE CARLOS VALCARCEL DOVAL (PSdeG-PSOE)

Concelleiros/as

D. VICTORIA MORENZA DOFORNO (PSdeG-PSOE)

D. MARGARITA PEREZ FERNANDEZ (PSdeG-PSOE)

D. JOSE RAFAEL SIERRA CARRIL (PSdeG-PSOE)

D. ADRIAN VARELA VAZQUEZ (PSdeG-PSOE)

D. XOSE MANOEL FIRVIDA PRAZA (BNG)

D. ANXELA GONZÁLEZ CID (BNG)

D. SERAFIN NÚÑEZ PEREZ (BNG)

D. MANUEL GONZÁLEZ VÁZQUEZ (P P)

D. JUAN CARLOS VILLANUEVA FERNÁNDEZ (P P)

D. NIEVES CARRIL GÓMEZ (PP)

D. MANUEL ANGEL FERNÁNDEZ QUINTAS (PP)

D. MIRIAM PRIETO VALDES (PP)

D. SERAFINA VARELAS VIEIRA (D. O.)

D. JULIA JACOME PÉREZ (D.O.)

D. RAMÓN PADRÓN CALVIÑO (GRUPO MIXTO)

Ausentes:

D. M^a CONSUELO VISPO SEARA (P P)

Secretaria Xeral

D^a Silvia Alonso Fernández

No salón de plenos da Casa do Concello de Barbadás, sendo as 19:30 horas do día 4 de xullo 2016 reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. concelleiros/as. Relacionados na marxe, actuando como secretario, Silvia Alonso Fernández.

Comprobado que existe quórum suficiente para a válida realización da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procedese á análise dos puntos da orde do día.



PARTE RESOLUTIVA

1- APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR (11 04 2016).

O sr. Alcalde toma a palabra: Boas tardes a todos e a todas, benvidos a este Pleno ordinario do mes de xullo que consta de sete puntos, agora mesmo hai unha moción de urxencia, que non consta aquí na Resolución de convocatoria a Pleno, pero que foi aprobada na última Comisión Informativa.

O primeiro punto da orde do día é a aprobación da acta anterior, algunha consideración sobre esa acta. Ten a palabra o señor Manuel.

O sr. Fernández toma a palabra (PP): Boa tarde a todas e a todos. En relación coa aprobación da acta do día 11 de abril de 2016, queremos sinalar un erro de transcripción na páxina 19 onde se recollen as votacións ás alegacións polas subvencións que se daban ás asociacións de veciños e concretamente na terceira alegación presentada pola asociación de Parada de Piñor no punto 1 pon que queda rexeitada cos votos a favor do PP e do Grupo Mixto e os votos a favor de Democracia Ourensana, PSdeG-PSOE e BNG e tería que ser queda “rexeitada cos votos a favor do Partido Popular e do Grupo Mixto e os votos en contra de Democracia Ourensana, Partido Socialista-PSOE e BNG”. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Algunha consideración máis?. Votos a favor, incluíndo este erro de transcripción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobada por unanimidade o seguinte acordo:
“Aprobación da acta anterior 11/04/2016.”

2- APROBACIÓN INICIAL DA ORDENANZA MUNICIPAL DE AUTOTAXI DO CONCELLO DE BARBADÁS.

O sr. Alcalde toma a palabra: O segundo punto da orde do día é aprobación inicial de Ordenanza Municipal de autotaxi do Concello de Barbadás. Ten a palabra o señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra (BNG): Boas tardes ás señoras Concelleiras, Concelleiros, público asistente e grazas por vir. No Concello de Barbadás non había ordenanza que regulase o funcionamento do servizo de autotaxis e ademais estabamos obrigados a aprobar unhas tarifas adaptadas para o servizo de taxis no Concello de Barbadás, entón aproveitando que ían entrar en vigor as novas tarifas, redactamos unha ordenanza municipal de funcionamento do servizo de autotaxis que se negociou cos cinco taxistas que hoxe en día teñen licenza no noso Concello e que é o que traemos a aprobación neste Pleno. Nesta ordenanza recóllese como ten que ser o funcionamento do servizo de autotaxis establecendo como se vai



regular a concesión dos permisos, como teñen que ser os vehículos, que van ser de cor branca, que van ter que levar un dispositivo no teito de taxis libre ou ocupado, que van levar o escudo do Concello de Barbadás identificativo nas dúas portas laterais, que terá que haber no futuro un vehículo de 7 prazas e preparado para tamén para transporte de persoas con discapacidade no Concello de Barbadás, regula tamén a prestación do servizo, e todo tipo de sancións a aplicar en caso de incumprimento dalgunha destas normas. Isto é o que traemos a Pleno para aprobación inicial.

O sr. Alcalde toma a palabra: ¿Intervencións?. Señor Ramón Padrón ten a palabra.

O sr. Padrón toma a palabra (Grupo Mixto): Boas tardes a todos e a todas. Non temos nada que dicir do tema da ordenanza, que estamos de acordo. Falamos co ramo dos taxistas e nos dixeron que aportaron, incluso traballaron eles na ordenanza, entón pois nada que dicir, están de acordo e é algo que temos que regular e nada máis, que isto sirva de exemplo noutro tipo de ordenanzas que se aproben aquí neste Concello.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra (Democracia Ourensana): Boas tardes a todos. Democracia Ourensana está de acordo con isto que se acaba de expoñer, e un pouco co que dixo o meu compañeiro Padrón que así téñense que facer as cousas entre o goberno e as persoas interesadas, e iso quere dicir que vos reunistes cos taxistas eles axudaron o cal me parece estupendo, porque así sempre hai un consenso entre todos e as cousas funcionan ben. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señora Fina. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Boa tarde de novo. Vamos a ver estamos totalmente de acordo hai que regular o servizo de autotaxis do noso Concello, o que si, nós probablemente fagamos algunha alegación para que se faga constar por exemplo como é o caso da cor que teñen que levar os vehículos, e que quedara reflectido que a cor que non supoña modificacións no de agora, porque hai taxistas que teñen adquirido recentemente o vehículo e entón que quedara reflectido por escrito que é unha vez que teñan que renovar o vehículo, entón nós nese sentido vamos a esperar aínda para presentar unha alegación nesa parte. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra señor Tenente Alcalde.

O sr. Fírvida toma a palabra: Grazas por todas as intervencións, e efectivamente eu concordo co que acaba de dicir o voceiro do Partido Popular, a norma é que os vehículos teñen que ser de cor branca pero eu creo que isto non debe supor ningún tipo de incremento de custe para os taxistas que recentemente



compraron os seus vehículos doutra cor, e en todo caso se debería contemplar para a renovación de vehículos efectivamente.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado cos votos a favor de PSdeG-PSOE, BNG, Democracia Ourensana e Grupo Mixto e a abstención do PP o seguinte acordo: **“Aprobación inicial da ordenanza Municipal do Servizo de Autotaxi do Concello de Barbadás.”**

3- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA ÁS FESTAS DE SAN BERNABÉ DE A VALENZÁ.

O sr. Alcalde ten a palabra: Ten a palabra a súa voceira.

A sra. Varelas toma a palabra: Isto é unha moción que me viñeron pedindo varios veciños de A Valenzá porque houbo bastantes queixas e entón nós queremos trasladala aquí ó Pleno, para ver si se pode facer algo. Vou a ler o que pon a moción, os veciños de A Valenzá que viven na zona onde se celebran as festas, queixáronse dos horarios das ditas festas xa que non é concebible que os días de semana como por exemplo o xoves acabaran ás sete da mañá, posto que os veciños ó día seguinte tiñan que traballar. O outro día na Comisión Informativa informástesme que se pode ampliar pagando pois unhas taxas á Xunta, se non me equivoco, ¿non? , a min iso paréceme un pouco, que se compran, un pouco heavy no sentido que parece que se compra todo con diñeiro, e a vida das persoas vale máis que un puñado de cuartos, e aquí doume conta de que se fixo así, entón eu gustárame que o Concello si puidera facer algo, instar á Xunta como facemos que aínda non vale para moito pero polo menos trasladar as nosas queixas de que non se compra todo con diñeiro. En canto o lixo que se xunta despois das ditas festas tardouse máis de 5 días na limpeza, exactamente non sei se se tardou 4 ou 5, pero que non foi ó día seguinte polo menos o da última non se limpou ó día seguinte, e isto ocasionando danos e prexuízos ás persoas viven pola zona e andan paseando, de feito hai un exemplo que un animalíño ía coa súa dona e cortou unha patia, foi un animal como puido ser unha persoa, entón pois habería que mirar iso. Nós cremos que Democracia Ourensana considera que as festas de A Valenzá son un orgullo para o Concello foron unhas festas moi boas, é publicidade para o Concello que ven moita xente de fóra, xente de Ourense e é publicidade, non só podemos basear as cousas en publicidade tamén hai que poñer un pouco de normas. Entón nós propoñemos en primeiro lugar en referencia ós horarios, propoñemos que as festas duren por exemplo ata as catro da madrugada, permitindo as fins de semana ampliar un pouco máis, isto habería que instar á Xunta a que contemple un pouco isto, porque xa que non é competencia nosa polo



menos facer iso. En segundo lugar en referencia á limpeza teríase que limpar ó día seguinte da dita festas, non limpar 5 ou 6 días despois de rematar, e en terceiro lugar, que me informastes tamén que pedía a colocación de urinarios públicos na zona, vamos a ver pedirlos ó que organiza as festas, dixésteime que tiña que haber un aforo de máis de 1.000 persoas e o aforo de alí creo que non chega a iso, entón a persoa non é obrigada, pero eu penso que aínda que a persoa non sexa obrigada o Concello de Barbadás ten que asumir responsabilidades e informouseme o outro día que valía 5.000 € colocar os urinarios e que é bastante diñeiro, tamén penso que o Concello de Barbadás non só estamos para recadar diñeiro dos veciños senón tamén para dar servizos, eu teño un negocio e moitas veces tócame embolsar diñeiro e que non me fai moita gracia pero téñolle que dar servizo ós clientes e neste caso o Concello de Barbadás, pois temos que darlle servizo porque o que non pode ser é que mexaran nos portais, defecaran nas portas dos garaxes, nas entradas dos garaxes, e foi un vandalismo total entón, como fixemos antes co dos taxis que regulamos isto, pois eu penso que nas festas podíamos regular un pouco só que fora un pouco para que polo menos demostrarlle á cidadanía que temos vontade, polo menos escoitámoslos e temos vontade de querer facer as cousas ben, e se hai que desembolsar diñeiro pois haberá desembolsalo o Concello terá que mirar de sacalo doutros sitios ou de rentabilizalo ou, pero as cousas hai que facelas, os veciños pagan impostos, e o Concello ten que darlle servizos. Grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Está claro que cando hai festas pois sempre se producen incomodidades para os veciños que teñen que traballar e para as persoas que queren divertirse. Como estamos falando das festas de A Valenzá, pois esta moción ten para nós, ten sentido en referencia a que son unhas festas que se celebran no mes de xuño cando aínda a xente está sen vacacións e aínda encima tocaron algo pola semana, polo que evidentemente hai xente que se sente prexudicada polo horario se é que efectivamente a música estivo tocando ata as 7 da mañá, efectivamente non é unha hora para que aínda estea tocando a música, está claro segundo se dixo que legalmente poden estar varias horas pagando uns 60€ a maiores, pero o Concello debería chegar a un acordo co representante que organiza as festas para un pouco facer convivencia entre o tema da xente que quere divertirse, e a xente que quere durmir e descansar porque volvo repetir non estamos no mes de agosto nin estamos no mes de xullo, estamos no mes a principios do mes de xuño, e hai que un pouco conxugar iso porque hai moita xente que aínda traballa, e estamos falando de A Valenzá non estamos falando dun pobo nin de Piñor, nin de Sobrado, nin de Barbadás que este problema non existe, estamos falando dunha poboación de xente que fálase dunhas 10.000 persoas ou incluso de máis e non sei se hai algún dato oficial sobre ese tema. Esa acumulación de xente fai que haxa que mirar este tema, iso no primeiro lugar das propostas que poñen aquí de Democracia Ourensana.



En segundo lugar a limpeza está claro hai que limpar o antes posible, porque A Valenzá é un sitio moi visible, e afecta a moitos veciños e a limpeza debe ser o máis rápida posible, e no tema dos urinarios públicos xa que o mesmo que no primeiro apartado xa que non é obrigatorio por lei, algún sistema haberá que articular ou algún gasto terá que asumir o Concello para poñer uns urinarios, ou non sei algunha organización haberá porque calquera día con tanta acumulación de xente vamos a ter un problema grave, entón hai que tomar en consideración e non chegar ó día que pase como pasa con outras cousas que nos botemos á cabeza, estamos metendo moita xente nun sitio e temos que organizalo e que non nos pille por sorpresa e noutras cousas houbo moita organización segundo nos dixeron pero estas cousas hainas que ir polo menos minimizando, e imposible resolvelas porque como se falou nas Comisións Informativas a xente ven cos botellóns, os rapaces, e iso é moi difícil de controlar pero o que hai que tratar nestes eventos é de minimizar eses riscos que poden xurdir. Nada máis.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver coincido, dende o grupo Popular coincidimos cos compañeiros da oposición dende logo no seu sentido é moi importante que regulemos este tipo de eventos. Vamos a ver no tocante ós horarios dende logo, hai que contentar a todo o mundo xente de fóra pero sobre todo temos que pensar na xente de aquí e traballa pola época do ano que comentaba tamén o compañeiro Ramón Padrón. Co tema da limpeza pois si, é moi importante non poden estar esperando as nosas zonas, os nosos parques, as rúas 5 ou 6 días para poñer a limpar, senón que hai que actuar de inmediato. Co tema da colocación dos urinarios si a normativa non prevé a colocación deles poderíanse facer diferentes tipos de cousas, por exemplo campañas de civismo pois este é un problema de civismo, segundo se anuncian as festas pois nos medios de comunicación, pois facer tamén unha campaña de civismo e ó mellor algunha medida disuasoria porque se poden aplicar certas multas en consonancia coa lexislación que temos no Concello. Moi importante paréceme o cuarto punto sempre e cando agora nolo comentará a señora Secretaria se é posible e é legal o tema dunha aval, que nos poda cubrir os desperfectos que se podan causar neste tipo de eventos. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra (PSdeG-PSOE): Moitas grazas. Boas tardes a todas e a todos. Pois ben o Concello de Barbadás puxo todos os medios que tiña a disposición da organización destas festas, programouse unha actividade paralela para que as festas tiveran unha ampla abano de posibilidades como foi a feira medieval, colaborouse e tamén na actividade musical do domingo día 12, referímonos a actuación da banda musical que amenizou o baile da pataca, e tamén achega municipal o alumeado ornamental e os xeradores utilizado para o subministro eléctrico todo isto saíu das arcas municipais,



quero dicir, o Concello de Barbadás colaborou activamente con diñeiro encima da mesa para as festas, os operarios municipais intensificaron os seus traballos tamén na zona de influencia do recinto da festa e no propio lugar onde se concentrou a actividade, a limpeza das zonas verdes, recollida de restos de desbroces para facilitar a comodidade do público existente unha tarefa que nunca se fixera antes, tamén se fixo a limpeza da zona e planificouse un operativo especial, colocáronse 20 colectores de lixo, de plásticos, xenéricos e vidro, e na limpeza da zona participaron 6 persoas a varredora e un camión baldeador as tarefas de limpeza si se efectuaron tanto o venres como o sábado, o domingo continuouse tamén con este operativo especial e baldeouse novamente a zona da festa, o paseo dos Amieiros e o Porto do Río, rematando os traballos ás 13:45 do domingo, nos seguintes días tamén estiveron traballando na zona os operarios da empresa adxudicataria da limpeza para recoller os últimos restos. Respecto ó operativo de seguridade e ante a previsión de importante afluencia e que se prevía de público dende a Alcaldía colaborouse con Protección Civil, Policía Local e Garda Civil, e planificouse un plan especial elaborado con 8 semanas de antelación teño entendido. No desenvolvemento das festas estiveron presentes tres patrullas da Garda Civil cada día ademais de dous efectivos da Policía Local durante a xornada de noite, respecto a Protección Civil estiveron 17 voluntarios o xoves, 25 o venres, e 20 o sábado, isto significa que a involucración do Concello de Barbadás foi máxima, todas estas cuestións que enumerei teñen un custe económico, este operativo de seguridade fixo posible que o impacto de aglomeración de persoas fora o mínimo posible, e acerca dos horarios dicir que o permiso para o remate da festa era ata as 4 da madrugada pero a Xunta concede ampliación de horario como ben saben vostedes, dicir tamén que do xoves para o venres as 5 e media da madrugada xa non había actividade musical na zona tal e como consta nos informes que nós manexamos. Os puntos propostos na moción de Democracia Ourensana serán tidos en conta á hora de esixir ós organizadores naqueles puntos no que o Concello ten competencia, pero hai cuestións en que non nos podemos extralimitar, respecto ós horarios o límite para rematar a verbena eran as 4 da madrugada e a Xunta saben vostedes que concedeu a ampliación. A limpeza fíxose despois de cada evento e durante a semana seguinte e máis o pasado venres 1 de xullo volveuse á zona a recoller os poucos e minúsculos, porque eran minúsculos restos que quedaban que eran cristais e evidentemente podían danar e como así ocorreu algún animal de compañía que por alí circula. A colocación de urinarios corresponde á organización, xa o saben vostedes, o Concello estivo estudando ata o último momento a posibilidade de destinar máis diñeiro que destinou ás festas, finalmente decidimos non destinalo porque nos pareceu un custo elevado e parecíanos que eran os organizadores, porque esta festa non podemos esquecer que a organizan persoas físicas e como legalmente previsto máis



de 20.000 persoas non era esixible, evidentemente estudárase para o vindeiro ano se existe a posibilidade ou se verdadeiramente van a vir orquestras da categoría que viñeron nesta ocasión e que arrastran tantas persoas. E respecto ó aval que se propón na moción de Democracia Ourensana será a Secretaria quen terá que facer o informe xurídico correspondente.

A sra. Secretaria toma a palabra: En principio respecto ó aval, eu a dificultade que atopo é o tema de que como acaba de dicir a señora Concelleira os organizadores son persoas físicas, entón a quen se lle esixe, ó presidente da comisión, a un dos vogais, a posibilidade de esixir aval por analoxía estase empregando nas licenzas de obras cando existe risco de causar desperfectos sobre bens de dominio público, pero son polo paso de camións por exemplo sobre as beirarrúas para acceder á obra, o que ocorre é que son desperfectos previsibles e razoados pero aquí o que estamos facendo é unha presunción en contra do civismo dos participantes na festa. Eu sinceramente non o vexo moi factible por esas dúas circunstancias sobre todo porque quen é a persoa física que vai presentar o aval, corremos o risco de quedarnos sen festas, sen comisións de festas que organicen, se de repente dis, vale ti es o presidente da comisión de festas pídoche un aval de 30.000 € polos desperfectos, diche vale pois deixo de ser presidente e non haberá que queira ser presidente, eu véxoo complicado, non tanto dende o punto de visto xurídico que se pode articular unha fórmula en base a precedentes de destrozos se podería establecer e dicir, o Concello concede permiso de festas con un aval de x euros para desperfectos, claro outra cuestión sería despois o principio da equidade, como aplicamos ese aval para determinadas comisións de festas e para outras non, os problemas parece que se están plantexando nas festas en A Valenzá pero por que principio non poden plantexarse en Loiro ou en Bentraces, ou en calquera outro pobo, habería que pedirlo a todas as comisións de festas, entón eu creo que iso máis ben é unha cuestión que deberían decidir politicamente. En canto á forma de articulación xurídica si se pode establecer vía ordenanza, algo deste tipo, na ordenanza de convivencia cidadá, ou algo así, o que ocorre é que terá que haber un consenso político sobre a quen se lle pide, sobre o risco que se corre pedíndoa, sobre a avaliación dos importes, e lóxicamente a regra de igualdade para todas as parroquias. Nada máis. grazas.

A sra. Varelas toma a palabra: Ante todo quería dicirlle á señora Victoria que aquí ninguén está discutindo que fixo ou non fixo o Concello de Barbadás, aquí o que estamos é plantexando uns problemas que sucederon, entón vostede déixeme de dicir todas as cousas que fixeron porque iso non llo estou reclamando, os veciños non lle están reclamando o que fixeron senón o que está mal, e vostede non pode negar o que moitas persoas se queixan e moitas persoas o viron, porque vamos a ver a min mandáronme fotografías de onde houbo os concertos, os concertos, as actuacións, e o tema é que aquilo,



o último días non se limpou ó día seguinte porque había lixo de dous ou tres días e senón fale co seu compañeiro de, co seu compañeiro Rafael e pregúntelle como quedou aquilo, que o pobre dixo que quedara perdido cal é verdade, entón deixo de botar pelotas fóra e como que non pasa nada, pois si pasou, a limpeza foi, vamos a ver, díxeno o outro día na Comisión Informativa e volvo a repetilo isto non é atacar ó goberno, eu simplemente estoulle poñendo voz ós veciños, e estoulle dicindo que temos que axudalos e se se pode axudar un pouco pois poñer a man e non dicir todo vai ben, porque non todo vai ben, porque eu teño unha cousa moi clara, as persoas non se van a queixar dunha cousa que se ve, sempre pode haber unha persoa aí que, pero eu que non fago unha moción por unha persoa porque entón volveríame tola, tería que facer 30 mocións ó mes, eu fago, solemos facer mocións cando hai un grupo de persoas, un grupo amplo non dúas nin tres persoas, que se queixan do mesmo, entende, entón o tema aquí é que da limpeza queixáronse e o Concello se ten que gastar diñeiro nos urinarios haberá que gastalo, porque vamos a ver vostede imaxínese 10.000 persoas nese sitio e que teñan ganas de facer pis, e que a ¿onde van?, ¿a onde van?, van a súa casa, á miña, é que é inviable os bares que están arriba, é que vamos a ver temos que dar un servizo non é cuestión de dar permisos a facer festas con tipo de orquestras porque en Loiro por exemplo debeu haber 20 persoas na festa, non hai este problema, ou en Bentraces non hai este problema, pero é que aquí metemos centos de persoas, entón temos que dar un servizo, porque encima estades quedando mal por tonterías, porque eu non estou gobernando, quen quedades mal sodes vós, e dicindo non pasa, non pasa nada, non pasa nada, é esconder a cabeza coma as avestruces si que pasa e se se pode solucionar pódese solucionar e o que me parece inxusto e volvo a repetilo é que eu non sabía o prezo, por unha hora, ou sexa unha hora máis 60€, sinceramente que non sodes vós quen o cobrades que é Xunta, pero é que me parece vergonzoso, ou sexa, xente nesa zona hai nenos que ó día seguinte fan o colexio que estaban en época de exames, xente que vai traballar, temos que pensar un pouco nas persoas e non só nas festas, e volvo dicir eu non quero acabar coas festas pero hai que regular isto, e déixese xa de dicir que todo vai ben, e é certo que o goberno faría cousas boas, eu non digo que non, pero centrémonos na queixa que eu traio aquí dos veciños e non empece a falar doutras cousas. Grazas.

O sr. Padrón toma a palabra: Nós queremos dicir que imos a apoiar a moción, e no sentido xa sabemos que hai, estas cousas non competen ó goberno, pero o goberno si que é responsable de minimizar e de tratar de conxugar os dereitos da cidadanía, entón pois se para o ano que ven temos estas macro festas con estas orquestras, e ó mellor para o ano que ven non as hai, ou é unha festa cunhas orquestras máis baratas e que non acumulan tanta xente, entón xa non habería este problema, pero se se volve a dar a



acumulación de xente esta, pois que se tome nota para o tema dos horarios para que a música non estea ata unha hora se que efectivamente estivo, se hai queixas é porque estivo, e logo o tema da limpeza que sexa máis, máis rápido e tamén no tema dos urinarios que se trate de articular algo no tema de vixiar máis a xente ou o civismo da xente. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. Fernández toma a palabra: Vamos a ver, no tocante ós horarios xa nos manifestamos na intervención anterior, o tema da limpeza pois cando algún compañeiro da Corporación trae unha moción neste sentido é un tema importante como é este a limpeza nas festas é porque hai queixas, nós de feito tamén o grupo do Partido Popular recibimos bastantes queixas de veciños, entón non é algo que estea aí illado e do que teñamos que saír pola porta de atrás, senón que hai que buscarlle unha solución. Nós vamos a votar a a favor sempre e cando a compañeira Fina faga pois algunha modificación ou xa tomemos ese acordo no tocante o tema do aval, ó mellor sería conveniente facer unha comisión de voceiros para regular este tema ou facer unha modificación na ordenanza que o regula entón todo isto votaremos a favor se estades de acordo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a señora Victoria Morenza.

A sra. Morenza toma a palabra: Xa lle dixen á señora Fina Varelas que o Concelleiro de limpeza evidentemente fixo un informe, e certifica que ás 5:30 non había música na zona do xoves para o venres que era o día que era laborable, do venres para o sábado ás 6:30, e o domingo fíxose un operativo que empezou ás 7:30 e terminou ás 13:45 entón non diga que non limpamos despois de cada xornada de festa, os urinarios xa lle dixemos que si que estudaremos para o ano que ven se se prevé esta afluencia de público que o Concello pague 5.000 € para urinarios, evidentemente teremos en conta a súa proposta. E sobre o último punto da súa proposta evidentemente, e tendo en conta os informes da Secretaria pediríámoslle que o cambiara visto que non, que o Concello non ten a competencia para esixir ese tipo de aval entón se nós votaríamos a favor se vostede modifica ese punto.

O sr. Alcalde toma a palabra: Eu quería facer un engadido sobre ese tema. Si, e dicirlle á señora Fina que esiximos un aval que supón cubrir un custe duns posibles danos tamén poderíamos esixir que instalaran os urinarios, é unha cousa a meditar, porque ós organizadores esixíuselles pero alegáronnos que non había que instalalos ata 20.000 persoas de asistencia, co cal se entramos na dinámica de esixir un aval, tamén podemos entrar ó mellor, sería valorable, sería ó mellor teríamos que tomalo para análise do que esa comisión que podemos crear a instalación duns urinarios, porque non é cuestión tan só de que



instalemos os urinarios ó mellor en A Valenzá porque hai unha afluencia de público, ó mellor senta un precedente para que eses urinarios sexan reclamados por outras comisións de festas no resto do Concello, entón entraríamos precisamente nunha dinámica de engorde dun gasto e dunha achega do Concello que ó mellor non están todos os veciños e veciñas deste Concello de acordo, eu suxiro que ó mellor se teña en conta tamén esa posibilidade, da esixencia dos urinarios nesa modificación da ordenanza, é unha suxestión nada máis, que podemos valorar despois nesa comisión entre todos, e un engadido a isto tendo presente que imos votar a favor tamén. Porque os urinarios teñen un custe, tamén teñen un custe os danos ou á inversa, os danos teñen un custe e os urinarios tamén. Dicitlle incluso que se lle esixiu vixilancia privada, reclamóuselles vixilancia privada á organización e tampouco houbo amparo legal para esa posibilidade, non houbo amparo legal, entón que se estivo traballando en todo iso pero a cuestión que desde o Concello non tiñamos cobertura legal de ningún tipo, ou sexa eu non lle podía esixir instalación dos urinarios, eu non lle podía esixir legalmente tampouco a creación ou a contratación mellor dito dun servizo de vixilancia privada, entón estamos un pouco atados de pés a mans nese sentido en canto á mellora do que é ese servizo, pódese debater para ampliar algo no que falábamos nesa comisión

A sra. Secretaria toma a palabra: Vamos a ver eu o que vexo é que a única posibilidade sería o establecemento dun recinto pechado para o control, porque o control das aglomeracións non é posible, entón o que podes controlar é como acceden a un recinto privado, entón evitar que a xente leve botellas de vidro, bebidas alcohólicas o establecemento duns bares predeterminados que pode establecelos a comisión de festas ó mellor dentro do recinto esa sería a única maneira o que non vamos a poder controlar nunca, non funcionar funcionan, porque eu acabo de velo en Ourense, claro que funcionan o que ocorre é que se se van vir 10.000 persoas ou 15.000 persoas, si pero se fan botellón por fóra polo menos non matan ós de dentro a botellazos, vexo que o establecemento da seguridade privada que é o di o Alcalde non estamos lexitimados, o establecemento do aval eu sinceramente véxoo inviable na práctica, ademais disuasorio para a celebración das festas, porque un aval aínda que sexa dunha contía determinada non garante que non poida ocorrer un problema de orde público, claro, superior, entón eu véxoo, nós temos un seguro de responsabilidade civil iso si, que non sei ata que punto cobre esa situacións é un tema delicado.

O sr. Alcalde toma a palabra: Os organizadores tiñan un seguro de responsabilidade civil, hai que dicilo, obrigado, senón non se lle podería dar autorización para as festas, iso haino que saber e dicir. Parece ser que as festas non as van a organizar as mesmas persoas o ano que ven, co cal non sabemos que tipo de festas van a ser iso ata o mes de xaneiro o febreiro probablemente non teñamos información



fidedigna sobre que tipo de festas se van a desenvolver co cal, preparados si, iso si a comisión pódese crear igual, e analizar e estudar esta situación para evitar na medida do posible estas circunstancias. Votos a favor. O último punto queda fóra desta votación. Que se faga constar a creación da comisión Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: **“Moción de Democracia Ourensana relativa ás festas de San Bernabé de A Valenzá: 1- en referencia ós horarios propoñemos que as festas duren por exemplo ata as catro da madrugada, permitindo os fins de semana ampliar un pouco máis. 2- En referencia á limpeza teríase que limpar ó día seguinte da dita festa, non limpar 5 ou 6 días despois de terminarse. 3- Propoñemos a colocación de urinarios públicos na zona. “**

4- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA ADHERIR A BARBADÁS AO PROGRAMA DE COOPERACIÓN DA DEPUTACIÓN COS CONCELLOS PARA A INSTALACIÓN DE DESFIBRILADORES.

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos ó seguinte punto da orde do día que é a moción do Partido Popular para adherir a Barbadás ó programa de cooperación da Deputación cos concellos para a instalación de desfibriladores. Ten a palabra o seu voceiro ou voceira.

O sr. González toma a palabra (PP): Boas tardes a todas, público asistente, Concelleiros e Concelleiras. No nos País cada vinte minutos prodúcese unha parada cardíaca. Este tipo de patoloxía representa un problema de saúde pública de primeira magnitude. A experiencia acumulada nas Unidades de Coidados Intensivos amosa que a efectividade da pronta desfibrilación temperá na recuperación dun ritmo cardíaco eficaz alcanza o 90% cando sexa posible efectuala no primeiro minuto de evolución trala parada cardíaca. Existe unanimidade entre os expertos sobre a estratexia a seguir ante este evento, en primeiro lugar alegar inmediata ante unha posible parada, segundo lugar inicio precoz de RCP, terceiro lugar desfibrilación rápida, cuarto lugar soporte vital avanzado en escasos minutos. As probabilidades de supervivencia descende entre un 7% e un 10% por cada minuto que pase dende o inicio da fibrilación ventricular. A tecnoloxía permite a día de hoxe o uso de certo tipo de desfibriladores por persoal alleo ás profesións sanitarias e fóra dun entorno hospitalario, son os denominados desfibriladores externos, automáticos ou semiautomáticos DEA ou DESA polas súas siglas, se se aplican desfibriladores en menos de 3 minutos dende que se produce a parada a supervivencia aumento un 73%, e se se fai en menos de 5 minutos as posibilidades chegan ata o 50%, aínda que estes dispositivos están dispoñibles para a súa adquisición no mercado por calquera particular ou entidade privada o seu custe entre 1000 e 2.500 € non



fai posible que haxa un desfibrilador en cada fogar, oficina, comercio ou local público ou privado, nembargantes en espazos con unha alta concentración de usuarios ou nos que se practiquen actividades de risco, si parece razoable se a colocación destes dispositivos xa que as posibilidades de que ocorra este tipo de accidentes é bastante alto. Resulta paradóxico que pese a que se producen moitas máis mortes por esta causa que por incendios temos unha lexislación que esixe a colocación de extintores nestes locais dende fai moito tempo namentres que non existe para instalar desfibriladores externos automatizados. Hai que distinguir dous tipos de aparellos o DEA o desfibriladoro externo automático e o DESA desfibriladora externos semiautomático, a única diferenza entre ambos é que os DESA piden para realizar a descarga que se pulse un botón xa que logo o máis seguro para o paciente e para a persoa que lle está axudar porque pode asegurarse de que nese momento ninguén toca ó paciente. En España os desfibriladores de uso público deben ser de tipo DESA o uso dos DEA resérvanse para profesionais de emerxencias sanitarias, a maioría destes dispositivos prestan tamén ó usuario asistencia para realizar manobras de RCP correctamente, proporcionando as instrucións necesarias mediante indicacións luminosas e acústicas ou ben mediante mensaxes de voz. Barbadás xa ten a certificación de Concello cardioprotexido no ano 2014 así foi recoñecido, fixeron o curso Delfín, Dani, Cuíñas, Diego, Antonio, Pablo, Manolo e outro que vostedes despediron con importantes repercusións económicas que coñecemos todos. Hoxe temos desfibriladores no Polideportivo, Campo de fútbol e Protección Civil. Neste días a Deputación de Ourense ven de aprobar un plan de cooperación cos concellos con menos de 20.000 habitantes no Pleno de 30 de xuño para a adquisición de desfibriladores de cara á súa instalación nos espazos de maior afluencia de veciñas e veciños, este plan de axuda da Deputación consiste como mínimo nun 50% do prezo do desfibrilador procurando ademais a formación específica para o seu correcto manexo por persoal capacitado, polo tanto o Partido Popular de Barbadás quere propor ó Pleno do Concello a adopción dos seguinte acordo: Incluir a Barbadás no Plan de cooperación coa Deputación para a adquisición de desfibriladores que se situarán en espazos de gran afluencia como as oficinas municipais, as piscinas e a Casa de cultura. Moitas grazas

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Non podemos estar máis de acordo coa moción, e non sei por que non se fixo antes no 2014 se xa fomos declarados Concello para colocar este tipo de aparatos e pouco máis temos que dicir. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana

A sra. Varelas toma a palabra: Democracia Ourensana estamos completamente de acordo nesta medida



xa que temos que velar pola saúde e os intereses dos noso veciños. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Serafín Núñez.

O sr. Núñez toma a palabra (BNG): Boas tardes a todos e a todas. Dicit dende o equipo de goberno do Concello de Barbadás que todas as Comunidades Autónomas xa recolleron nos seus decretos que regulan estas cuestións, os requisitos que deben cumprirse para que persoal non médico poida facer uso dun desfibrilador. Aínda que non é obrigatorio o seu uso, as autoridades sanitarias consideran necesaria a implantación destes equipos. Por iso, é polo que resulta tan importante que as Administracións Públicas tomen conciencia e para a instalación deste equipo en lugares de uso cotián tal e como se reflicte na moción do Partido Popular, como as instalacións de uso público, etc. Paradoxalmente, a Xunta de Galiza non ten nos dispositivos sanitarios, en determinados sitios deste País, non é o caso do Concello de Barbadás que si o teñen dependentes evidentemente do SERGAS, pero que en algúns casos pois evidentemente non teñen estes dispositivos que é un primeiro chanzo dunha emerxencia vital para salvar vidas humanas. Non vou a entrar en se é o DEA, o DESA, eu non vou a entrar en cuestións evidentemente técnicas como entrou o voceiro do Partido Popular, pero entendo que efectivamente e polas que achegas que nos chegan que efectivamente son uns dispositivos dun funcionamento absolutamente sinxelo, que pode ser usado por calquera persoa que reciba unha formación básica impartida por unha entidade cualificada, polo tanto non é preciso que quen use un desfibrilador semiautomático sexa médico ou teña formación sanitaria. Dicit que, ben, como reflicte a moción na Deputación Provincial ven de aprobarse por unanimidade unha moción nesta liña onde o artigo 2º, perdón o acordo 2º da moción dicía literalmente “Incluír neste Plan que a axuda de Deputación consista, como mínimo, nun 50% do prezo do desfibrilador, procurando unha formación específica para o seu correcto manexo por persoal capacitado”. Tamén se abordou nestas comisións que efectivamente habería unha formación específica, que consistiría en cursos de 8 horas, con recordatorios e reforzos anuais para as persoas que se nomearan como específicas para o manexo destas cuestións. Unha das cuestións que si evidentemente, a pega que se lles pode pór a este tema pois é evidentemente o seu alto prezo, que falamos de preto máis de 2000 mil euros por unidade, que fan que efectivamente moitos concellos teñan dificultades para afrontar estes equipos, e de aí que nos pareza e estamos de acordo coa moción, de feito vamos a aprobala, vamos a votar a favor, pero si que nos parece que efectivamente pois non se acouta dun xeito preciso a axuda, porque se fala, se fará unha axuda cun mínimo do 50%, nin tampouco do número de aparellos a subvencionar. Entón, aínda que estamos de acordo ca moción, esperamos que estas bases que terán que tamén redactar no seu



momento na Deputación que regularán este Plan de cooperación se concrete de xeito debido, é dicir, non é o mesmo que subvencionen cun 55 que cun 70% , ou con un 90 evidentemente, e isto de momento non queda claro, nin tampouco pois a cantidade de aparellos a subvencionar, aínda que si se comentou que sería un máximo de 1 aparello por concello, tamén hai que ter en conta pois o número de poboación que ten este Concello o número de infraestruturas que acumula, pois un volume importante de persoas, e que evidentemente sexa preciso ó mellor ter máis de un no Concello. Neste sentido dicir que evidentemente como comentou o voceiro do Partido Popular temos desfibriladores no campo de fútbol, no polideportivo, en Protección civil e que o sentido pois sería ir a novas instalacións como poden ser as piscinas municipais e a casa de cultura novas instalacións que evidentemente polo volume de poboación que poidan albergar. Nada máis en definitiva estamos de acordo co sentido da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra o señor Manuel o voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Nada máis que dicir, penso que é un tema claro e é poñerse cara ó futuro.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón, nada. A señora Fina Varelas tampouco. Señor Serafin Núñez. Pois entón pois só quero facer un pequeno matíz dicindo que vamos a estar de acordo, que vamos votar a favor desta moción teña presente tamén que ó mellor hai que axustar tamén o gasto e parécenos oportunos e acaecido que haxa desfibriladores nestes lugares que vostede funciona, pero as piscinas están a tres minutos ou dous do polideportivo municipal, e ó mellor había que buscar en función do custe que supoña para o Concello a colocación dos desfibriladores ó mellor en lugar de ser na piscina podería ser aquí na Casa do Concello, por poñer un exemplo, por exemplo, e despois poderíase falar diso, vostede mencionou tres exemplos, piscina municipal e polideportivo están ó carón, campo de fútbol e piscina municipal están ó carón un do outro son dous minutos, creo que iso pódese falar nun momento determinado. ¿Parécelles tamén?. Votos a favor. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo:

“Moción do Partido Popular para adherir a Barbadás ao programa de cooperación da Deputación cos Concellos para instalación de desfibriladores: Incluír a Barbadás no Plan de cooperación coa Deputación para a adquisición de desfibriladores que se situarán en espazos de gran afluencia como oficinas municipais, infraestruturas deportivas ou culturais e piscinas.”



5- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA REHABILITAR O CAMPO DE FÚTBOL DE BENTRACES.

O sr. Alcalde toma a palabra: O seguinte punto é unha moción do Partido Popular para rehabilitar o campo de fútbol de Bentraces. Ten a palabra a súa voceira ou o seu voceiro.

A sra. Carril toma a palabra (PP): Boas tardes a todos e a todas. Esta é unha moción para rehabilitar o campo de fútbol de Bentraces. O campo de fútbol de Bentraces foi un referente na Escola de fútbol de Barbadás durante moitos anos, ditas instalacións utilizábanse para uso e disfrute dos nenos da escola, así como das súas familias que celebraban aniversarios ou comidas de fin de tempada e á súa vez os veciños de Bentraces vían como o campo tiña vida. A fecha de hoxe o campo e os seu arredores están totalmente abandonados, o fin de semana pasado solicitouse á escola o campo para disfrutar dunha xornada de ocio, pais e nenos viron como as instalacións están sen auga, a herba tapa as porterías e os bichos campan por toda a instalación. O Concello facíase cargo de limpar e desbrozar cando era usado polas escolas en anteriores lexislaturas, necesitábase unha infraestrutura para apoiar os horarios de adestramento. Hoxe xa non se usa, pero non é motivo para que o Concello abandonara a dita instalación, en reiteradas ocasións solicitouse o seu desbroce e a súa limpeza ó grupo de Goberno, pero como xa é habitual segue abandonado e sen desbrozar. Acordos: que o grupo de Goberno adopte as medidas necesarias para manter en perfecto estado a dita instalación e os seus arredores, os veciños de Bentraces celebrarán as súas festas patronais en próximas semanas e este campo úsase para disputar un partido entre solteiros e casados. Á súa vez os nenos das escolas poderán seguir celebrando os seus aniversarios e o campo de Bentraces cobrará vida de novo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Grazas. Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Sobre este tema pois nós estamos de acordo se por exemplo no acordo di manter en perfecto estado dita instalación e os seus arredores entendemos que é o desbroce da instalación, e polas nosas informacións foi desbrozado dúas veces e vaise desbrozar ou xa se desbrouzou esta semana, polo que motivo que veñen as festas de Bentraces. O tema, a instalación é do comunal ou do pobo de Bentraces e polo tanto, se queremos manter a instalación en condicións alguén se tería que facer cargo, ou a asociación de veciños, ou algunha agrupación deportiva, ou algo como sucede en Piñor. Dicir que en Piñor o campo só se limpou unha vez, aquí ó parecer xa se limpou dúas e esta é a terceira, ou sexa a terceira vai ser esta semana, e xa digo para o campo que estea en condicións para cando vaian os nenos das escolas a celebrar aniversarios ou celebren un partido de



solteiros, casados e teñan auga e todo iso, alguén no pobo, algunha asociación ou algo tería que se facer cargo do campo e en todo caso pedir axudas ó Concello para solucionar certos desperfectos para poder ter o campo para o uso cando sexa necesario, o que non se pode é abandonar unha instalación e logo que despois o Concello e teña que asumir o arranxo, porque unha instalación abandonada despois necesita de moitos cartos para recuperala, sen embargo cando ten uso diario pois as pequenas incidencias que teña pois pódense ir resolvendo con pouco cartos, entón si a limpeza pois si, ó parecer xa se acometeu dúas veces, agora vai ser a terceira, pois oe nós apoiamos a moción para que se volva limpar sobre todo agora que veñen as festas, e supoño que a limparán senón queren quedar mal cos do pobo, agora si, o tema da instalación xa digo se unha instalación desas os propietarios ou os xestores, ou quen sexa, a deixa morrer pois non podemos pedir logo que nolo arranxen porque vale un cantidade de cartos importante.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Para min hai dous puntos a diferenciar, primeiro está o tema dos desbroces que xa penso que nestes Plenos para atrás xa loitamos bastante con ese tema e penso que hai que desbrozar se está tan mal, eu a verdade non o fun ver, pero se todos os veciños se queixan é porque estará mal, entón e haberá que desbrozar as cousas e telas ben. En canto ó mantemento do campo de fútbol das instalacións eu penso un pouco como Padrón isto tería que levalo un pouco ós veciños, a asociación de veciños de Bentraces, e pedirlle por exemplo axudas ó Concello pero tería que ser a asociación de veciños a que xestionara este tema porque entón claro o que non podemos é todas as cousas que temos mandarllas ó Concello porque claro así é moi fácil ter cousas, eu penso que os veciños terían que xestionar o campo que non teñen diñeiro suficiente pois se hai que pedir axudas ó Concello que llas pidan, e o Concello pois terá que prestar axudas pero claro non vai, penso que non vai o Concello facelo todo nese sentido. A moción é que unha moción un pouco particular porque en canto os desbroces estamos totalmente de acordo e en canto o mantemento, claro eu non sei a compañeira que se refire ó que hai que facer alí dentro, porque votar unha moción do mantemento non sei como están as instalacións por dentro porque ó mellor hai que facer unha barbaridade de cousas, pois ó meu respecto se ela volve a contestarme que é o que se quere facer dentro, pois tomaremos a decisión oportuna. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o señor Rafael Sierra.

O sr. Sierra toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas. Mire vostede ¿vive ou dorme en Bentraces?. En primeiro lugar quero dicirlle son reis da demagoxia porque a súa voceira a



única vez que foi a ese lugar foi porque o seu fillo xogaba nun equipo da escola de fútbol deste Concello e fixo unha solicitude para usar o recinto para celebrar unha comida de fin de tempada, na cal se lle di ó Concelleiro de deportes que non era seguro que foran polo que este debido a que se andaban cortando a herba noutras zonas que o persoal é o que é que non para de limpar herbas e seguir limpado que aínda queda con pouco xa que o goberno na metereoloxía non ten capacidade de mando é de que a súa solicitude non fose segura, como decidiría vostede fíxose ben ou se fíxose mal senón preguntarlle ós da Xunta ou ás de Deputación que están facendo eles, que a rotonda da saída de A Valenzá cara Ourense, a rotonda do Carrefour que se enviaron dúas solicitudes á Xunta dende hai tempo é que bonitas están, da gusta velas, e os da Deputación que me envían un correo que van a aplicar herbicida nas estradas que descorren polo Concello que se apuren un pouco ou cando empecen as herbas xa quedan máis secas que o deserto, e a estrada de Piñor e Parada ata cando houbo que esperar para limpalas. Por outra parte, sabe que neste campo non hai que se faga cargo da instalación que non xoga ningún equipo que tivemos catro solicitudes tres o ano pasado e esta que fixo a súa voceira, e de que ese recinto e arredores foron limpados por persoal da Deputación o mes de decembro que limparon unha silveira que estaba tirando o poste da luz e este co peso que tiña xa retorcera o poste, pero vostedes nisto nin se fixaron xa que este tiña máis de 12 anos e seguro, iso seguro, que casualidade e vostedes non se decatán e ven con esta moción, hai que ter moita cara para isto. Por se isto lle parece pouco pola festa do cabalo de Barbadás ante este evento é pregunte que saber teno que saber desbrozouse todos os arredores e campo de fútbol e se acondicionou a entrada ós coches botándolle zahorra e xa veu o que creceu a vexetación, isto dende o mes de abril quero tamén dicirlle que ese lugar durante o seu mandato como Concelleira isto visto por estes ollos estivo máis de 6 meses arado polo xabarín e ten valor de meter esta moción, sabía como poñía a cartilla militar, valor se le supón, pero vostede ten mérito ó valor. Para rematar como saberá o ano anterior como os anteriores que eran da súa cor política sempre se limparon os pobos polas festas que era cando se limpaban e este ano non vai ser menos así que se ten o costume de xogar o partido casadas-solteiras, así como tamén o de casados-solteiros polo que o lugar xa estaba previsto limpalo polo que vamos a votar a favor da súa moción a auga quero dicirlle tamén que a auga durante a festa do cabalo habíaa e senón pregunte. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra a voceira do Partido Popular. Son tres minutos da réplica para todos.

A sra. Carril toma a palabra: Mire señor Rafael nós o único que pedimos e que fagan o se fixo



sempre soamente pedimos iso, e o pobo de Bentraces, fálolle do meu pobo de Bentraces en concreto, sempre se limpou antes das festas, está aquí a Concelleira de obras que sempre se limpou antes das festas, antes, pero antes uns meses antes, eu sinto vergonza allea e dígollo en serio, sinto vergonza allea cada vez que salgo á rúa, cando a xente me di nena como están estas rúas, e vostede ten unha compañeira aquí no seu grupo de goberno que oíu tres tamén no pobo, porque a xente dáballe queixas a esa persoa, porque e vergonzoso como está todo, e agora si que hai que, a xente se saca o sombreiro na rúa, a xente saca o sombreiro na rúa e di Deus meu, a señora Miriam o que facía con menos xente, que agora teñen 6 persoas máis e non se ve o traballo é que non se ve, pois a xente no momento en que os ve na rúa pídelle explicacións porque a min pídenmas e eu non estou gobernando, eu non goberno, a min pídenmas e este é o terceiro Pleno consecutivo que traemos a mesma moción, desbrocen, limpen, a culpa é de que chove vaia por Deus, o resto dos anos nunca choveu, pois que mala sorte, a nós nunca nos choveu entón, e por favor atendan á xente porque se unha persoa se dirixe a vostedes para darlles unha queixa vostedes son Concelleiros as 24 horas do día, e non por estar de interventor nunha mesa non van a atender a unha persoa. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Ten a palabra o señor Ramón Padrón.

A sra. Carril toma a palabra: Vamos a ver nós o único que pedimos é que se faga o que se fixo ata o de agora, a luz do campo de fútbol vena pagando o Concello dende fai dez anos, a auga non se paga, non se paga porque teñen motor, teñen pozo propio e a auga non se paga, e o único que pedimos é un mantemento das instalación de debroce e poder acceder, porque teño unhas fotos aquí que me parece increíble que digan que o limparon 3 veces nun ano, porque é que hai unhas vaías no campo de fútbol que dan pola cintura, e esas vaías non se ven, está a herba ata a cintura, entón só pedimos iso, que desbrocen, e que o teñan un pouco en condicións, con 6 persoas máis que teñen, simplemente iso. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Correspóndelle a quenda de palabra ó señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu quero dicir, eu non sei a que ven aquí tanta discusión porque ó final fíxose o mesmo este ano co ano pasado, ó mellor non coincidiron as datas e claro cando ó mellor un vamos a un sitio, o ano pasado ó mellor estaba limpo, e este ano ten unhas herbas do demo. Eu vexo todo os días en zonas polas que eu transito que ó mellor o ano pasado pois pasou o servizo un día e limpouse e durante ese tempo estivo limpo, despois pasaron quince días e volveron medrar as herbas, entón aquí supoño que sería o mesmo, pois xa digo, xa teñen vostedes un privilexio que xa llo limparon tres veces, suponse que se vai limpar esta semana será a terceira vez, xa digo o de Piñor que



está bastante coidado, é que está unha agrupación deportiva que o coida e vela por el, limpouse unha vez, e sendo moito menos que o que hai que limpar en Piñor que en Bentraces, entón xa digo que ten un privilexio que é a terceira vez que lle van a limpar. Quero aproveitar xa que se fala do tema dos desbroces, e aquí no Pleno anterior fíxose unha loubanza de dous traballadores do Concello que nós estamos de acordo tamén niso, en destacar a labor desas persoas, tamén queremos destacar a labor dos traballadores servizo de limpeza, unha cousa é a xestión ou a organización do servizo e outra cousa é as persoas que todos os días se botan a desbrozadora ó lombo e traballan chova ou aínda que non chova tanto, pero faga sol, faga aire, aguanten ás veces os improprios dalgunha xente porque pensan que o que ven alí a desbrozar é o concelleiro, e aguante estoicamente que lle digan que limpar a parede do peche da súa casa, cando o que teñen que limpar a beirarrúa non a parede, entón quero tamén facer un destacar o seu labor porque estanse partindo a pel por iso, ou que algún lles chamou os do sacho, creo que esa xente tamén se merece un respecto por todos nós, e non só porque todos os traballadores, todos os traballadores teñan a cualificación que teñan ou teñen os estudos que teñan merecen un respecto e dignidade. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Ramón Padrón. Ten a palabra a señora Fina Varelas.

A sra. Varelas toma a palabra: Aclarado o que me contestou a compañeira ela ó que se refire ó mantemento en canto a desbroces, Democracia Ourensana obviamente o tema dos desbroces xa temos protestado o suficiente, de feito a primeira moción que presentamos aquí o ano pasado foi en canto os desbroces e temos que ser consecuentes co que nós votamos e o que nós pedimos, entón a moción vámolos apoiar refírese á dos desbroces, é certo que parece que desde que se lle deu un toque de atención os desbroces parece que está cousa un pouco mellor, hai que tamén dicilo, pero insuficiente, insuficiente e parece que mellorou algo, insuficiente porque claro cando desbrozas nun lado xa están protestando no outro, non vexo que non se da feito, entón habería que facer dalgunha forma porque o que non podemos estar é cada dous meses nun Pleno cunha moción de desbroces porque a xente vai a acabar tamén farta de nós, entón o que temos que solucionar este tema por se hai que meter máis persoas, pois haberá que meter máis persoas, o que non pode é estar as cousas abandonadas porque os veciños teñen dereitos e teñen dereitos a ter as cousas ben, entón penso que a ver que medidas podedes acometer para sobre todo para o ano que ven que non sexa este ano, porque este ano a principio foi unha auténtico desastre agora xa vos digo parece que as cousas están un pouco mellor pero os veciños séguense queixándose. Nada máis, ou sexa que vamos a apoiálos porque en canto o



tema de desbroces si. Grazas.

O sr. Alcalde toma palabra: Moitas grazas señora Fina Varelas. Ten a palabra o señor Rafael Sierra.

O sr. Sierra toma a palabra: Boas tardes. Mira tres veces levo desbrozado e senón pregunta, porque eu creo que tes veciños por alí polo arredor Nieves, pregunta, pregunta porque isto non é que o diga eu, iso son cousas reais, o da Deputación xa o tiña que saber xa o tiñades que saber porque que eu saiba tendes unha Deputada na Deputación, iso en canto ó tema da Deputación, en canto o tema da festa do cabalo, un dos organizadores era o tío da Miriam eu creo que tes moi fácil preguntar todo iso, non é porque o diga eu, é real, é real de todo. Despois en canto ó persoal que saiba que os do Risga chegaron agora 5, pero o ano pasado por esta época xa levaban máis de mes e medio limpando, e a nós aínda nolos enviaron esta semana. E despois con respecto ó que dicía Fina, insuficiente, seguro, seguro porque a min gustaríame ter todo coma a patena, pero non se dá máis, eu dígolle que cada quince días doume unha volta polo Concello dende alá Num de Deu, pasando a Loiro, por O Fonsillón, e por todas as partes do Concello, iso pódeo ter seguro que cada quince días doume unha volta para ver as deficiencias que hai. E despois en canto ó que dicía a señora Nieves o tema de que somos concelleiros as 24 horas, vostede é que ten un morro que o pisa, ten un morro que o pisa, resulta que na campaña electoral estando de interventora dunha mesa electoral, unha persoa se dirixe á Concelleira o día da votación, o día da votación diríxese á concelleira pedirlle unha cuestión política, ¿a vostede lle parece normal?, a min desde logo non, agora cada un co seu.

O sr. Alcalde toma a palabra: Despois contéstolle eu a iso señora Nieves, contéstolle eu. Votos a favor desta moción.

A sra. González toma a palabra: Esta intervención é como BNG, como Bloque Nacionalista Galego, e que hai unha parte da moción unha terceira parte que fala das festas e dos aniversarios que se celebraban no campo de fútbol de Bentraces, entón na parte resolutiva indica: “á súa vez os nenos das escolas poderán seguir celebrando os seus aniversarios e o campo de Bentraces cobrará vida de novo”. Eu quería saber se no goberno anterior que eran cando se celebraban esas festas, e os aniversarios dos nenos e nenas había algún tipo de regulamento para regular esas festas e eses aniversarios, quen tiña a chave, quen se facía responsable, e a quen se lle daban esas chaves, e como en definitiva como se regulaba iso, e se era sobre todo fundamentalmente se era restrinxido ou era aberto a todos os nenos e todas as nenas e a todas as familias.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten un minuto brevemente de intervención, é unha terceira quenda de réplica



A sra. Carril toma a palabra: Contéstoche Ánxela, faciase e séguese facendo porque de feito fíxose fai quince días, creo que lle presentaron un escrito ó Concelleiro de deportes Adrián, así faciase antes tamén, presentábase un escrito ó Concello e concedíase, sóese facer para xente que está na escola de fútbol, ou sexa, o equipo pois por exemplo de alevíns pois fan o fin de tempada, os pais facían o escrito solicitábano e ía o equipo de eses nenos que son 18 ou 20 cos seu pais, eles levaban, ás veces tamén ían monitores.

O sr. Alcalde toma a palabra: Por favor non se trata de preguntar e repreguntar, é por alusións.

A sra. Carril toma a palabra: Que eu saiba non, que eu saiba, agora eu non era a Concelleira de deportes, que eu saiba non, sempre ía dentro da escola de fútbol, nenos que pertencían á escola de fútbol.

O sr. Alcalde toma a palabra: Creo que iso corresponde na quenda de rogos e preguntas

A sra. González toma a palabra: Xa pero eu non podo votar a moción sen saber se ten pensado regulalo ou non.

O sr. Varela toma a palabra (PSdG-PSOE): Este ano, están por aí houbo só catro solicitudes, ninguén que non fora da escola de fútbol o solicitou, co cal non se deu o caso. E o folleto de solicitude non pon en ningún momento que teña que ser. O modelo de solicitude está aí pódese ver é para calquera persoa que o solicite igual que hai outras cando solicitan o parque que hai debaixo do polideportivo, ou sexa o modelo é exactamente o mesmo.

A sra. Carril toma a palabra: Nós o que pedimos é que se veña mantendo, sacamos xa o dos nenos das escolas poderán seguir celebrando os seus aniversarios e o campo de Bentraces, iso sacámolo fóra da moción.

O sr. Alcalde toma a palabra: Iso retíranos. En que queda esta moción señora Nieves, vostede é a presentadora

A sra. Carril toma a palabra: É o que dixemos sempre desbrozar e punto. Nós cinguímonos á moción que presentamos

O sr. Alcalde toma a palabra: Cínguese ó contido desta moción. Votos a favor polo tanto do contido desta moción tal e como está redactada. Abstención. Votos en contra. Moitas grazas.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando rexeitado cos votos a favor do PP, os votos en contra do PSdeG-PSOE, BNG e Grupo Mixto e as abstencións de Democracia Ourensana: **“Moción do partido Popular para a rehabilitación do campo de fútbol de Bentraces.”**



O sr. Alcalde toma a palabra: Hai unha cuarta moción que foi presentada por urxencia polo Grupo Mixto, na pasada comisión, na última Comisión Informativa e que foi aceptada nesa Comisión, agora mesmo agora mesmo hai que volver a votar a urxencia no propio Pleno. Votos a favor da urxencia desta moción.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade a urxencia da moción presentada polo Grupo Mixto sobre a reforma da piscina municipal.

6- MOCIÓN DO GRUPO MIXTO SOBRE A REFORMA DA PISCINA MUNICIPAL

O sr. Alcalde toma a palabra: A moción ten como título Moción de urxencia sobre a reforma da piscina municipal. Ten a palabra o voceiro do Grupo Mixto

O sr. Padrón toma a palabra: Presentamos esta moción de urxencia motivadas polas queixas que nos chegaron de veciños e veciñas hai pouco logo despois da convocatoria do Pleno, por iso trouxémola de urxencia. Traemos á consideración do Pleno unha moción de urxencia motivada polas recentes queixas dos usuarios da piscina municipal dende a súa apertura, hai poucos días, e logo de levar a cabo unha importante reforma debido á cuantiosa perda de auga que sufría. Lembremos que hai un ano xa se fixo unha pequena actuación para minimizar esta perda e todo quedou pendente para unha reforma máis en profundidade que perdurara no tempo. As queixas das persoas refírense a que a imprimación salta a cachos e ademais a superficie nalgúns puntos está excesivamente rugosa polo que ocasiona pequenos desgarros sobre todo nos máis novos. Nós desprazámonos ata o lugar e constatamos certamente o motivo destas queixas. Á vista do resultado, a actuación que se fixo non foi de todo óptima polo que temos que abordar unha reforma da reforma. Non sabemos se había máis alternativas, aínda que por consultas que fixemos, cremos que algunha podería haber. Non sabemos tampouco o custe da reforma e se houbo algún sobrecusto e en que contía. Dende o Grupo Mixto queremos mostrar a nosa preocupación de que unha obra que xa hai un ano que está planificada dea como resultado ós poucos días do seu remate este tipo de deficiencias. Pensamos que ten que haber un control máis exhaustivo e profesional destas actuacións. Así non repetiremos erros como outras construcións o do Polideportivo e coa altura e cas goteiras ou o do Museo da música que aínda sen haber sido utilizado chove dentro, por poñer un par de exemplos. Lembremos que estas obras fanse cos cartos de todos polo que debemos ser o máis eficientes posibles. Por todo isto o acordo que presentamos é instar ó grupo de goberno a elaborar un informe da obra da reforma da piscina onde figuren; os traballos que se efectuaron, o custe de adxudicación da obra, os sobrecustos se é que os



houbese, as posibles alternativas e por que se descartaron, e o novo arranxo que se levará a cabo, e que dito informe sexa remito os voceiros dos grupo municipais neste mes en curso. O tema este das piscinas e un tema bastante serio, isto xa nolo corroborarán con informe pero estamos falando dun desembolso de bastante importante diñeiro preto de 70.000 €, é serio porque é unha obra que xa se estaba planificada ou sexa o ano pasado aínda que fixemos unha intervención de urxencia porque necesitábamos ter as piscinas abertas todo o verán e xa nos gastamos unha cifra de 5.000 e pico euros, era necesario pero tivemos un ano para resolver o tema da piscina e gastarnos un diñeiro para que tivéramos unha piscina outros tantos anos polo menos e como temos que é unha piscina que está ben, non está mal construída. Ó noso entender a piscina deteriorouse porque estivo baleira por iso, non sabemos quen leva o control da piscina e isto que nos da que pensar que non hai, ó final non se ocupa ninguén das cousas e o goberno que está agora criticaba ó anterior goberno había deficiencias en moitas cousas, vemos que isto volve pasar entón isto xa é un mal endémico ou é que non sei, hai cousas, estas cousas non se controlan por parte dos gobernos, entón non sei, hai que tomar cartas no asunto e a xente ou os responsables teñen que nomear xente que valore estas cousas e que as actuacións sexan o máis eficientes posibles, pois xa digo tivemos un ano para mirar o que había que facer na piscina, para descartar as diversas actuacións porque hai varias incluso o que se fixo foi arrancar o gresite, tapáronse as gretas outra vez e logo despois dámoslle uns chairos e dámoslle unha pintura, agora sáltanos a pintura, está rugoso, que ó mellor non se puliu ben, non sei polo que. Había outras alternativas que é hai unha alternativa que se chama lámina armada que se bota por enriba do gresite, non é necesario sacar o gresite e soluciónase o tema das pedriñas, xa digo o tema perda seguramente foi por as piscinas non se poden ter baleiras unha piscina pódese baleirar sexa a piscina mellor construída do mundo, pódese baleirar un día, dous días para limpala, pero automaticamente hai que enchela, se temos unha piscina baleira durante un tempo co tempo extremo que temos aquí en Ourense gréтанos por todos os lados porque o formigón tira ter ferro dentro, son unhas paredes de formigón moi gordas, iso tira ó non ter a auga dentro, tira unha barbaridade e é polo que rompe a piscinas, máis a piscina estaba ben construída, porque se a piscina repisara como tamén se di perdería auga por unha esquina e non a piscina está perfectamente nivelada ou sexa bótaselle a auga está perfectamente nivelada non perde a auga por ningún lado. Entón nós e verdade ante isto gasto de diñeiro agora hai que volver baleirar a piscina, hai que volver esperemos que esa pintura aguante porque ó mellor dentro dun ano ou dous anos volvemos ter o mesmo problema e por favor que non volvan baleirar a piscina tanto tempo. Xa digo e co fío disto tamén quero dicir porque vimos hai



pouco que o tamén se aprobou unha para pintar o tema do muro do museo da música, por favor, acabo, logo despois.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Así debe ser. Ten a palabra a señora voceira de Democracia Ourensana.

A sra. Varelas toma a palabra: Pois esta moción é unha moción moi axeitada no momento que estamos porque e verdade o que di o meu compañeiro e moitos veciños estanse queixando a min mandáronme fotos hai fotos de descarchándose a pintura, hai nenos magoándose nos pés, eu se ben recordades no mes de abril eu presentei unha moción para o arranxo da piscina que ó final non a puiden expoñer porque estaba de baixa, e para o seguinte Pleno déronme opción de volvela de poñer e desistín dela porque claro o goberno dixo que ía facelo entón parecíame unha tontería facervos perder o tempo algo que se ía facer. Pero eu naquela moción explicaba un pouco que os arranxos eu penso que cando se fan hai que facelos ben e non só chamar a unha empresa senón chamar a varias empresas, a persoas entendidas porque o problema e que moitas empresas dinche si isto é moi fácil faise así e ó final o único que estamos facendo é tirando o diñeiro da igual 30, 50 que 70.000 € porque todo é moito diñeiro e non se pode andar tirando o diñeiro e se hai algo estragado hai que arranxalo de vez, se hai que gastar 100.000, se gasta 100.000 pero gastalo para non ter que andar cada ano tocándolle a unha cousa ou outra, porque eu penso que aquí en Barbadás temos en A Valenzá as peores piscinas da provincia de Ourense é vergonzoso porque eu no meu facebook vexo fotos das piscinas de concellos, teño concellos agregados, e vexo fotos e digo que bonita está, e temos aquí as de Barbadás que as fotos son patéticas, os salvavidas estes, os redondeles estes, é que isto parece que os fomos coller a un vertedoiro porque é, aínda que non estivera presupostado é vergonzoso ter iso alí, porque estámoslle dicindo ás persoas que nos da igual, ou sexa os sumidoiros da auga polas beirarrúas todo rotos, o céspede iso xa non é céspede é herba, ou sexa sinceramente non pode haber unhas piscinas peores que as que temos, e aínda enriba estamos falando de gastar eu oín 50.000 agora Moncho di 70 paréceme unha auténtica salvaxada, eu penso que a persoa que levou este tema o Concelleiro que levou este tema ten que ter responsabilidade dise traballo porque eu se me encargo dun traballo así e ó cabo de abrilas, ó cabo dunha semana, ou dun mes ver esa obra así é que eu collería a empresa e faríaos traballar día e noite para que mo arranxaran porque é vergonzoso como está. Entón e máis magoándose nenos nos pés, eu sei que en Ourense pasou e parece que as empresas non aprenden nada pero ó final a responsabilidade sempre é da persoa do concelleiro que se encargou diso e eu pídolle a responsabilidade a esta persoa porque non pode ser isto, non pode ser isto tan mal,



porque unha cousa é que unha cousa é que estea un pouco mal é que non hai por onde collelas, e gastar diñeiro, e gastar diñeiro de todos, porque sempre estamos queixándonos, non chega o diñeiro, non chega o diñeiro, e aínda encima estámolo tirando. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Ten a palabra o voceiro ou voceira do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Boas tardes de novo. Non podemos estar máis de acordo coa moción de don Ramón Padrón, cando di que lembremos que hai un ano xa se fixo unha pequena actuación para minimizar esta perda evidentemente daquela acababan de entrar ó grupo de goberno e podíase entender que se fora saíndo da situación un pouco cun parche. Di: as queixas das persoas refírense a que a imprimación salta a cachos e ademais a superficie nalgúns puntos está excesivamente rugosa, hai feridos por doquier todos hai os anacos do caucho repartidos pola piscina anacos aparte de pelos e sucidade que é de abondo tamén temos alí restos da area da depuradora, é dicir, unha desfeita auténtica. Á vista do resultado a actuación que se fixo non foi de todo óptima e evidentemente que non polo que termos que abordar unha reforma da reforma, totalmente de acordo dende o Grupo Mixto queremos mostrar a nosa preocupación de que unha obra que xa hai un ano que está planificada dea como resultado ós poucos días do seu remate este tipo de deficiencias. Iso é o de sempre chegan tarde e mal levan un ano xa gobernando cartos hai de abondo, teñen tal, seguen vivindo do pasado pero non son capaces durante un de poñer en marcha iso, póneno tarde, póneno mal, correndo, a presa, e agora estas historias, o único que ó mellor que o mellor non está moi de acordo e co instar ó grupo de goberno e elaborar un informe, mire, elaborar un informe a estas alturas da película como están as piscinas chegamos tarde, aquí hai que arranxala xa, o que habería o mellor propoñer é como unha emenda non sei como redactalo pero si que habería que poñer que se arranxe canto antes. E dígoo con todo o cariño, ben sei como colle vostedes as cousas ás veces con mala intención pero non é así, eu cando me refería ós da brigada do sacho non o dicía por eles, a xente que traballa con sacho é tan respectable coma calquera outro, e os estudos non é o que mide a unha persoa, pero si que me refería a incompetencia do grupo de goberno como se fai de manifesto agora aquí na reparación das piscinas, a incompetencia de crear unha brigada de 6 obreiros e non ten partida para darlle, así se ve o que está pasando nos desbroces, a moción de Bentraces, e todas as mocións, están a metade todo sen, sen arranxar, todo sen arranxar. Coma sempre o grupo de goberno tamén chega tarde aquí. Moitas grazas.

O sr. González toma a palabra: Moitas grazas a vostede. Ten a palabra o señor Concelleiro Adrián Varela.



O sr. Varela toma a palabra (PSdeG-PSOE): Boas tardes a todos e a todas. A piscinas municipal foi unha prioridade para este grupo de goberno dende a nosa entrada no Concello. O ano pasado tivemos que asumir unha obra para poder pór en funcionamento a piscina municipal, en canto rematou a tempada comezouse a traballar para atopar unha solución acaecida á perda de auga que tiña a piscina e que podería levar a males maiores. Despois de consultar a diversos técnicos e realizar termográficos para ver o estado real do vaso e da superficie onde está asentado, a solución que nos ofrece máis garantías e a consistente en quitar o gresite da piscina, realizar un selado e enchido das gretas existentes no vaos e posteriormente a impermeabilización da piscina con poliuretano poliurea, sistema que comprobamos que está sendo utilizado en gran número de piscinas públicas. Unha vez falado cos técnico e consensuado con eles que esta era a mellor opción encárgase a un técnico municipal a elaboración dunha memoria valorada para poder consultada a obra como facemos con todas as obras de relevancia tratando de manter a liña de transparencia que estamos aplicando dende o goberno. Para a decisión de que empresa que sería a labor que levase a reforma seguiuuse única e exclusivamente un informe técnico que nos indica cal era a oferta máis acaecida dende o punto de visto técnico e máis vantaxosa para o Concello. Unha vez comezada a obra houbo un seguimento por parte dos técnicos do Concello de toda a evolución da obra co fin de asegurarnos de que a obra ía a quedar en perfectas condicións e así nolo transmiten. Os problemas detectaron xorden unha vez aberta a piscina momento que comeza a levantarse a pintura que rodea o vaso e algúns usuarios e usuarias comezan a queixarse de que nalgúns lugares determinados da piscinas prodúcense rascazos. En canto comunican estas queixas comprobamos se son certas e falamos cos socorristas os cales nos comentan que si, e que hai certas queixas de usuarios e que hai máis rascazos dos habituais. Inmediatamente pómonos en contacto coa empresa para atopar unha solución, un responsable da empresa preséntase na piscina, comproba o estado dos danos que nós lle comentamos e a empresa faise responsable do erro, e o que nos din é que a superficie do fondo do vaso non pode ser totalmente lisa por lei, para evitar os esvaróns e que tiveron que botar unha especie de polvillo antes de aplicar a poliurea, segundo nos comentan debido ó aire que fixo durante a súa aplicación e probable que algún deste polvillo se pegase ás paredes laterais o que provoca que haxa algunha rugosidade en ditas paredes. A pintura que rodea o vaso e que está saltando achaca no que puidera haber defectuoso algúns dos materiais xa que a técnica utilizada en innumerables piscinas e nunca lle pasou isto. Dito isto que repito son as explicacións que nos da empresa construtora insisto en que a empresa quen asume a súa responsabilidade e farase cargo do arranxo dos defectos que quedaron na obra. O problema co cal nós



atopamos na actualidade é que para poder realizar estes arranxos a piscina debería permanecer pechada alomenos unha semana o que suporía deixar ós veciños sen piscina en plena tempada, así mesmo falouse cos socorristas e coméntanos que cada día diminúe o número de queixas e de rascazos, xa que se realmente se puxera en risco a integridade dos usuarios xa tomaríamos a decisión de pechar a piscina e realizar o arranxo. Durante estes días estivemos cotexando a opinión dos usuarios e usuarias que se ben é certo que nos confirman que existen ditos problemas tamén nos transmiten unha inmensa maioría que prefiren que a piscina permanecese aberta aínda con estes problemas e que se lle puxese solución unha vez rematada a tempada contando coa imposibilidade de realizar un arranxo eficaz sen ter que pechar a piscina.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas ten a palabra o señor Ramón Padrón.

O sr. Padrón toma a palabra: Mire nós xa avisamos o verán pasado e xa lle dixemos ó Alcalde que a obra da piscina era importante e coidado coa piscinas porque as piscinas dan moitos problemas entón o que se fixera facelo ben para que non houbera problemas e para nós sería unha satisfacción que obra fora ben feita porque gastaríamos ben o diñeiro e sería un orgullo para nós, e agora o que temos, gastamos, coidado nós pedimos un informe porque non sabíamos canto se adjudicou a obra temos informacións de que se adjudicou en 30 pero os sobrecustos van a outros 30, a ver se o técnico que daba as actuacións ou as actuacións que había que facer se fixeron porque hai sobrecustos, e digo que a imaxe do Concello está claro se a piscina non a podemos e que hai que arranxala xa, normal, hai que arranxala xa, agora que a teñamos que pechar ou non xa veremos ó mellor temos que vivir coa vergonza de ter unhas piscinas no estado que están e véndoselle o que se levantou todo e e nada máis, e dicir, saíu mal a cousa, pois como outras veces, saíu mal a cousa. Non sei, nós falamos aquí hai tres meses dunha comisión de obras non sei se se acordan cando sexa unha cousa importante de gastar bastante diñeiro polo menos estar entre os grupos municipais mirar o tema cos informes técnicos de diante e ó mellor pois dar as nosas versións que despois se opte o grupo de goberno a que polo que el quere facer, baixo a súa responsabilidade pero sempre se chegará a un entendemento e nunca pasarán estas cousas e sempre será polo ben dos veciños, sempre polo ben dos veciños porque ó final os que pagamos isto somos todos, non é unha obra na nosa casa que os responsables somos nós co que nola faga e nada máis, non, aquí é unha obra para todos e págase cos cartos de todos e quería dicir antes que o, quería como vin ó tema de que se vai a facer un, vaise a pintar o muro do Museo da música, un mural, que xa gañou que o vai a pintar, vanse a gastar 2.000 €, xa quero dicir que comprobén o muro do Museo da música porque está revestido con cotegrán e non vaia ser que levemos un chasco e



despois de estar pintando que se solten anacos do cotegrán, porque iso xa leva moito tempo así a intemperie e sabe Deus como está firme ese cotegrán, a parte ese muro por arriba non ten tapa, está chovendo encima del e a auga corre pola parede, ó mellor para facer ese mural hai que poñerlle unha tapa por arriba se queremos que esa pintura dure o máximo tempo posible, non vaia ser que dentro dun ano ou dous anos a pintura, porque ninguén vai ir por alí, oxalá funcione, nós é o que queremos, non vaia ser que dentro dun ano ou dous a pintura, agora saquémoslle a foto cando estea pintado e sexa unha marabilla e dentro dun ano a pintura xa non serva para ver. Nada máis.

O sr. Alcalde toma a palabra: Simplemente por alusións cando rematen vostedes as súas intervencións, intervirá o señor Tenente Alcalde con relación a este tema, un minuto, moi breve sen dereito a réplica, non é a cuestión da moción Ramón, fixo unha alusión a un muro, pois é unha alusión, é un minuto sen despois intervención, brevemente. Señora Fina a palabra.

A sra. Varelas toma a palabra: O tema da piscina baixo o meu entender pasou por unha cousa ben clara, houbo un ano para arranxalas e arranxalas ben, no mes de abril aínda se fíxera nada e que pasou que en dous meses queixáronse facer as cousas a presa e correndo e agora temos os resultados a ver como lle explicades ós veciños porque é certo o ano pasado acababades de entrar e que vos iamós a pedir pero a ver que levades un ano, a ver que lle ides explicar ós veciños que nun ano non sodes capaces de arranxar unhas piscinas preguntome eu se unha persoa nun ano tendo diñeiro non é capaz de arranxar unhas piscinas como é capaz de levar un Concello, ben fácil, se non das arranxado unhas piscinas como podes levar un polideportivo, porque levar arranxar o tema das piscinas é tan fácil como ir expertos a varias empresas e mirar a solucións reais non parches porque os veciños están fartos de tanto parche porque sabe o que significan os parques, tirar diñeiro, tirar diñeiro, e o que se fixo, eu en abril dixen está chegando ó verán as piscinas está mal, que vamos facer, si, si, estamos niso, ó final non se estaba en nada, porque están horrorosas porque aínda hoxe unha veciñas de A Valenzá escribiu en La Región un artigo e é vergonzoso, é que ultimamente en La Región só se escriben queixas de Barbadás, eu xa non sei en que Concello vivo, xa me parece que vivo no Concello máis terciromundista de España, xa non digo de Ourense, de España, porque un ano para arranxar unhas piscinas un ano, eu nun ano faciállas novas, asegúrolle porque ese problema téñeno eu na miña casa, eu baleirei a piscina tívena tres meses así e saíume unha greta de punta a punta e eu arranxeino e ten por seguro que non me corto os pés na miña piscina, gastei diñeiro, si, pero eu xa hai tres anos e non teño ningún problema, e aquí non sodes capaces tendo técnicos, informes, persoal, tendo diñeiro non sodes capaces de arranxar isto, preguntome cando haxa verdadeiramente serio se ides ser capaces



de defendelo. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Señora Fina ten a palabra o voceiro do Partido Popular.

O sr. González toma a palabra: Vou ser moi breve, dixo vostede moi ben don Ramón, saíu mal cousa o que pasa é que sae sempre mal a cousa, chove moito, medran as herbas, hai buratos na Finca Fierro, etc, etc, etc, o único problema é que non estamos na oposición, aquí este grupo de goberno está grazas ó seu apoio, valore se mereceu a pena. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas señor Manuel. Ten a palabra o señor Adrián Varela.

O sr. Varela toma a palabra: Teño aquí un informe técnico realizado polo arquitecto do Concello no que explica os problemas xurdidos ca piscinas. As actuacións previstas na piscinas municipal, comezaron pola demolición do gresite existente as paredes, ca demolición do gresite detectáronse dúas fendas importantes no muro de formigón da piscinas, fendas que non se apreciaban co gresite colocado, vistas as fendas ordenouse a realización de taladros no muro comprobándose que trasdós muro está baleirado pola auga perdida pola piscina, como consecuencia desta situación ordénase aplicar resina expansiva no trasdós do muro e aplicación sobre a utilidade do muro dun morteiro de alta resistencia, por outra banda ó levantar a primeira canaleta obsérvase que non existe impermeabilización entre o pavimento de desborde e a canaleta de recollida de augas así como que o desaugadoiro das canaletas non conecta con estas detectándose de novo un importante punto de fuga de auga ó longo do perímetro da piscina, así ordenouse a impermeabilización pola cima do pavimento desborde da piscina solapando dita impermeabilización ca canaleta, a saída dos tubos de desaugadoiro ata a canaleta e o recheo das partes laterais da canaleta. A nova impermeabilización realizouse mediante tres capas de poliurea aplicadas en diferentes cores a fin de asegurarse na actualidade da colocación da impermeabilización, por motivos ata o momento non esclarecidas a impermeabilización estase a desprender facéndose a empresa adxudicataria da reparación das deficiencias. Respecto do pavimento do vaso indicar que ó tratarse dunha piscina pública o fondo debe ser antiesbarante con pavimento de clase tres, a solución dada ó pavimento consiste no espolvoreado de árido de cuarzo sobre o fondo previa aplicación da última capa de poliurea, dado que sobre un pavimento realizado “in situ” é imposible realizar unha proba sen romper a impermeabilización segundo criterio do técnico que subscribe, o pavimento executado cumpre coas condicións establecidas. Se ben é certo que existen queixas dos usuarios das piscinas pola rugosidade do pavimento estase neste momento a estudar unha solución que reduza a rugosidade sen danar a impermeabilización da piscina que ó mesmo tempo



cumpra o pavimento de clase tres. Aparte disto durante 15 anos non se realizou ningún tipo de mantemento da obra da piscina todos os técnicos cos que falamos que foron varios cos que falamos, coincidían que o problema da perda da auga da piscina tiña que vir do momento que se construíu por ser un problema estrutural, xa que aproximadamente a metade da piscina na parte que dá cara ó río estaba sobre material de recheo, co cal senón se chega a realizar a obra corríamos o risco de ter unha desgraza moito maior, os motores, flotadores, sistemas de clorado, etc, son os mesmos de cando se abriu a piscina, este ano estamos tratando de pór todo nunhas condicións dignas para que poidan disfrutar os noso veciños. Nunca na historia deste Concello houbo tanto preocupación pola piscina municipal, realizouse un forte investimento coa intención de solucionar dunha vez por todas o problema das augas da piscina, solucionouse o tema da electricidade, había unha instalación única para o alumeadado público co edificio do bar, e ademais o contador non cumpría coa normativa actual, houbo que sacalo a un lugar accesible para a persoa que revisa os contadores. Estase instalando o sistema de clorado automático para os dous vasos co fin de garantir en todo momento que estea controlado o nivel de PH e cloro dos vasos axeitouse céspede e o areeiro, limpouse a rexilla que se atopa entre o céspede e o corredor que rodea o vaso grande que estaba chea de terra e herba, prefiro nin preguntar se algunha vez se limpou, arranxouse un dos motores que realizan a depuración da piscina grande e vaise cambiar o motor da piscina pequena que se avariou a semana pasada, están encargados novos flotadores, é dicir, dende o grupo de goberno estamos a pór todo da nosa parte para ter a piscina municipal nas mellores condicións posibles para o uso dos nosos veciños e veciñas. O grupo socialista de Barbadás xa mostrara a súa preocupación polo estado das piscinas municipais presentando nas dúas últimas lexislaturas ata tres mocións pedindo arranxo e ampliación das piscinas, o anterior grupo de goberno votou en contra a dúas mocións, unha sobre a construción dunha nova piscina municipal no 2010, e unha sobre reformas no 2011, curiosamente votaron a favor unha moción no último Pleno da anterior lexislatura no que houbo antes das eleccións para ampliación e construción dunha nova piscina.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Dicirlle o señor Ramón Padrón que nas piscinas estívoise traballándose dende outono do ano pasado, pedíronse opinión a dúas empresas e algunha delas é do Concello, non lle vamos a poñer nome pero a información está aí, polo tanto pediuse información xa no mes de outubro do ano pasado e traballouse con esas empresas para que emitiran as súas opinións. En base a iso traballouse, como dixo o señor Concelleiro de deportes houbo unha memoria técnica e finalmente foi un técnico que decidiu o procedemento de reforma que adoptou ese



técnico decidiu ese técnico que empresa o facía, repito, foi un técnico que fixo a memoria e quen decidiu o procedemento técnico, e foi tamén un técnico que recepcionou a obra, foi un técnico que recepcionou a obra, que o técnico o que ten a obriga de visitar a obra e de dicir que é correcta, e dicir que é correcta. Señora Fina, a obra non se puido facer antes debido e iso si que é certo non é a climatoloxía que nos veu a prexudicar, choveu, choveu sistematicamente, polo tanto esa obra para traballar a obra de traballos sobre a piscina non se podía facer chovendo, iso é así, non, choveu dende decembro ata, é igual iso pódono verificar todos os veciños e veciñas en meteogalicia, estou intervindo eu que non interrompín a ninguén, volvo a dicir non interrompín a ninguén, para proceder a facer esa reforma era imprescindible que non chovera, os salvavidas dicirlle que aguantaron durante 15 anos, ninguén se preocupou polos 15 anos, o Partido Popular tampouco, e agora o Partido Popular saca fotografías cando, si paréceme moi ben, cando resulta que os salvavidas están xa marcados a semana pasado ou antes non sei, informarlles cando costa, 306 €, pero estamos falando de cartos, non, non, digo o que costa que non é de relevancia, señora Fina por favor eu non lle interrompín a ninguén, esixo o mesmo respecto, digo que dou esa información precisamente a título informativo nada máis, nada máis, porque se agora costa 306 €, custaban antes tamén 306 € para podelos cambiar, e non se fixo. E lembrar que a única deficiencia da que había coñecemento antes de levantar o gresite, insisto, antes de levantar o gresite era da perda de auga non de todo o relatorio de feitos que fixo o Concelleiro de deportes, a raíz de que se levantou o gresite detectouse todo o demais, iso é o que provocou toda esta situación asumindo evidentemente que si que o árido de cuarzo que se lle aplicou á piscina probablemente teña unha densidade superior ou sexa que estea que haxa unha maior cantidade da que tiña que haber, e iso que asume a empresa, e a empresa vai ser quen asuma esa reparación e a que asumirá ese custo. Votos a favor da moción, polo tanto, si perdón. Pero vostede interveu xa, agora aquí estamos na quenda de palabra todos, ninguén ninguén excede as quendas de palabra, se el intervén entón se lle fai algunha alusión poderá como última alusión, nada máis.

O sr. Fírvida toma a palabra: O Museo da Música o que dicía da parede está en mal estado cando se faga a pintura de momento o único que se fallou foi o premio para o mural que se vai facer nesa parede que mide máis de 24 m de longo por 8 de alta e vaise xa temos un presuposto dunha empresa especializada en pinturas en vertical, en fachadas de edificios, unha empresa especializada na realización de graffitis ou de pintura, vamos a escoller o mellor dos sistemas posibles para que perdure no tempo, e ademais antes de facer o mural vaise facer unha adaptación do muro, vaise a axeitar e vaise asegurar todo o material porque son empresas especializadas, temos orzamento dunha empresa,



non conforme con isto vou pedir orzamento de dúas empresas máis, e a parte diso estamos esperando que a Deputación Provincial de Ourense cumpra coa súa parte do acordo que era facer obras por 10.000 € e dentro desas obras figura tamén na parte superior dese muro pór un tellado que sobresaía un pouco do muro para evitar que a auga corra polo muro e vaia cara a parte de atrás inclinada e haxa unha canaleta de recollida de augas, eu agradezo moito as súas suxestións como xefe de obra e se algún o necesitamos pois.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu non son ningún xefe de obras, nin sequera fun a piscina municipal a mirar o que estaban facendo nin deixaban de facer, entón o que si chegamos con esta moción aquí é porque viñeron a xente a queixarlle e eu fun a mirar á piscina pero antes non había dado indicacións do que había que facer, pero polo visto fixérono mal, mire a rugosidade hai dous anos saíu

O sr. Alcalde toma a palabra: Ramón era alusións en relación

O sr. Padrón toma a palabra: Rapidamente, hai dous anos saíu en La Región o que pasou nas piscinas de Oira e a empresa fíxoo legalmente o que tiña que facer de poñer un gresite con grao pero ó final tivo que vir a empresa tivo que pulir todo o gresite porque saían os nenos mancados. E logo di vostede dos técnicos, os técnicos tamén eu supoño que o goberno que había antes neste Concello se guiaba polos técnico ou ían eles a recoller as obras, ou a adxudicar, non sei, eu fago unha pregunta, eu supoño, non digo eu. Pero que lle botamos a culpa ós técnicos só, porque entón os que gobernan non teñen responsabilidade ningunha, e xa digo co diñeiro que se gastou, ou parece ser que se gastou xa veremos o informe, facíase a metade da piscina que hai feita hoxe.

O sr. Alcalde toma a palabra: Volvo a reiterar, que a causa pola que se incrementou está bastante claro no informe que fixo o técnico non o fixemos nós dende logo que non somos técnicos para saber todas esas circunstancias, resulta bastante evidentemente o informe se o queremos entender entendémolo ou senón non o entendemos, e vostedes ademais teñen acceso a poder falar cos técnicos sen problema ningún o técnico estivo hoxe na piscina e foi el quen recepcionou a obra el foi quen promoveu e quen informou sobre como se debía actuar e o técnico poden falar con el e preguntar o que nos dixo polo tanto non vou a dicilo eu, non vou a dicilo eu. Eu estou falando da piscina non son responsable do polideportivo, digo que o técnico pode vostede mañá acudir onda el e dicirlle, e preguntarlle perdón cal é a resposta que nos deu hoxe como recepcionou a obra, non o vou dicir aquí. Sométese a votación esta moción, votos a favor.

Sen máis sométese o asunto a votación resultando aprobado por unanimidade o seguinte acordo: “

Moción sobre a reforma da piscina municipal: 1- Instar ao grupo de goberno a elaborar un



informe da obra da reforma da piscina onde figuren: os traballos que se efectuaron, o custe da adxudicación da obra, os sobrecustos se é que os houberon, as posibles alternativas e por que se descartaron, e o novo arranxo que se levará a cabo. 2- Que dito informe sexa remitido aos voceiros dos grupos municipais neste mes en curso.”

PARTE DE CONTROL

7- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

O sr. Alcalde toma a palabra: Pasamos á dación de contas de Resolución de Alcaldía, dáse conta que están informados.

De conformidade co establecido no artigo 50.2 do ROF (RD 2568/86 do 28 de novembro, e o artigo 22.2a) da Lei 7/85 do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o Concello Pleno queda informado das resolucións de alcaldía ditadas dende a sesión anterior do Pleno.

A Corporación queda enterada das mesmas.

8- ROGOS E PREGUNTAS

O sr. Alcalde toma a palabra: Rogos e preguntas que como temos dito en outras ocasións, como se ten feito habitualmente por escrito, a non ser que haxa algún rogo puntual. Entón empeza Ramón que é a quen lle corresponde por orde.

O sr. Padrón toma a palabra: Eu rógolle a este goberno que aplique as mocións que se aproban aquí, por exemplo no tema dos campamentos de verán non se aplicaron descontos ás familias numerosas. No tema da Escola de música quedouse en dar uns informes xa que non se daban sobre as audicións aínda non se deu nada. Non se sabe nada da ordenanza forestal, e pedimos que se sinalicen todas as bocas antincendios nos pobos que existen, que se sinalicen onde están. Tamén un rogo que no pobo de Barxa na aldea de Barxa ou no núcleo de Barxa levan dez anos, leva unha señora dez anos pedindo que unha rede por todas se poña unha liña de teléfono na casa, non o ten, e Barxa está entre Vistahermosa e Piñor, ou sexa, a carón de Ourense debe ser o núcleo máis preto a Ourense que está coma O Fonsillón, ou A Valenzá, e leva 10 anos protestando por iso, e os postes de alumeadado que seguen, que se cambiou a liña pero seguen os postes, non sei de quen é a responsabilidade Fenosa, ou hai que incidir máis na empresa para que o retire dunha vez por todas, porque retirou a liña pero estes postes seguen sen retirar. Nada máis.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. ¿Algún rogo por parte de Democracia Ourensana?.

A sra. Varelas toma a palabra: Un rogo moi sinxelo, que as mocións que se aproben como di o meu compañeiro Moncho que a ver se se fan, porque de nada vale estar aquí dúas ou tres horas perdendo o tempo para despois non facer nada. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Perdón o Partido Popular, algún rogo.

O sr. González toma a palabra: O primeiro deles pedirlle ó señor Alcalde que deixe de facer xuízos de valor coas mocións do Partido Popular, vostede non está por encima do ben e do mal, ten que cumprir unhas normas coma os demais. Tan malas non deben de ser estas mocións cando as teñen aprobadas por maioría, a maioría delas neste Pleno, non deben ser tan malas. E o segundo rogo, e dicirlle que sexa tamén veraz nas afirmacións, non sei se ten manía persoal a dona Nieves polo tema de ser Concelleira, o ten manifestado varias veces quen sacou a persoal ese señora que protestaba fun eu non foi ela, e saqueina precisamente do colexio electoral porque non é preciso que vostede nos dea normas de como funcionan as eleccións e esa señora tivo a desgraza de confundirme co señor Alcalde o cal obviamente, vou gardar o que ía dicir porque non me parece moi, pero si é verdade que eu saqueina fóra do colexio electoral e expliqueillo o que pasaba, o que pasa é que tiven a desgraza de que cando saímos do colexio electoral xusto enfrente estaban unhas cadeiras esnaquizadas, había moscas, avésporas por alí tiradas e concheiras e con tal e entón claro máis do mesmo, máis do mesmo, ó final dixen mire está vostede enganada nós hoxe non gobernamos este é un anagrama do Partido Popular e estamos na oposición, eu transmitireille esas queixas ó señor Alcalde xunto con outras moitas que levamos un feixe delas non se preocupe e iso foi o que realmente pasou. Moitas grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas. Por iso hai unha queixa na mesa electoral. Moitas grazas. Por favor.

A sra. González toma a palabra: Por un lado o tema da utilización lingüística de discapacidade ou minusvalía en lugar de diversidade funcional ou diversidade sensorial, o termo correcto é diversidade funcional ou diversidade sensorial dado que é un termo en positivo e que abrangue a toda a poboación a todas as persoas e o termo discapacidade ven sendo un termo peiorativo que fixa máis no negativo que no positivo, fóra parte disto é unha cuestión xa case de principios persoal e ética hai moitas asociacións de persoas con diversidade funcional e diversidade sensorial que están pedindo isto no só en Galicia senón no resto de España de que se empece a utilizar este tipo de termo, se lexislativamente eu creo que xa se están utilizando, entón eu penso que todo aquilo que se fala e que se di ten moita



importancia porque a forma na que vimos articulando o noso pensamento e imos transmitindo as futuras xeracións tamén ese pensamento que nos temos a nivel social, polo tanto creo que é algo que deberíamos ter en conta, vouno rogar seguramente máis veces ó longo da lexislatura igual que o tema da linguaxe sexista. Moitas grazas.

O sr. Alcade toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. Fírvida toma a palabra: Fun eu quen usou este termo ó longo deste Pleno e debe ser que en varias reunións que mantivemos con asociación de persoas con estes problemas que ademais traballan polo ben de estas persoas, é unha asociación como COGAMI que é unha asociación especializada e os seus membros todos padecen dalgún tipo destes problemas como queiramos articulalos, ó longo dunha destas reunións eu pregunteilles como se sentían eles máis cómodos e cando se nos referimos a este tipo de persoas e o que me transmitiron estas persoas xustamente unha delas que é a que nos está facendo o plan de accesibilidade nos dixo que o termo que habitual que se usaba que ademais era así a definición e o que figura no acrónimo das súa asociación é discapacidade e iso foi o que me transmitiu estas persoas, porque foi el quen mo transmitiu.

A sra. González toma a palabra: Síntoo na alma pero ti falaches cunha asociación exclusivamente, ti agora intenta moverte a nivel de distintas asociacións, e fala coas persoas e fíxate tamén no que significa diversidade funcional e no que significa discapacidade, en función diso pois utiliza o termo que consideres, eu digo que reafirmome no que acabo de dicir, tamén pola miña profesión o sei ademais diso seino porque estou bastante informada con respecto a estes temas

O sr. Fírvida toma a palabra: Eu como non estou informeime.

A sra. González toma a palabra: Pero informácheste cunha asociación

O sr. Alcalde toma a palabra: Preguntas xa falei e xa dixeran que se presentaran por escrito, e que se respondían por escrito.

O sr. Fernández toma a palabra: Tres preguntas pasarémolas por escrito pero si que me gustaría comentalas hoxe, van dirixidas ó Concelleiro de participación veciñal e servizos sociais. Primeiro, vai pechar a gardería no mes de agosto?, se é así o por que, vai a pechar, eu tiña entendido que o problema era o poder substituír ó persoal pero para iso se fixo xa unha bolsa de contratación, entón simplemente que me respondera por escrito a estas preguntas. E xa para rematar aínda que era un rogo señor Rafa eu si lle rogaría que cando se refira a un colectivo específico e vai case na liña do que comentou Ánxela, falou vostede de beneficiarios RISGA, fale de traballadores que se contratan por un plan de emprego, ademais non se fai unha convocatoria pública. Grazas.



O sr. Alcalde toma a palabra: Moitas grazas.

O sr. González toma a palabra: A primeira delas é quen foi o responsable das piscinas don Adrián Concelleiro de deportes ou a Concelleira de obras, preguntámonos se lle meteron outro gol a don Adrián, e en segundo lugar, vostedes cobran un 20,54 % máis por as adicacións exclusivas que cobraba o Partido Popular, pregunta para o señor Alcalde, sabe vostede o señor Alcalde que significa adicación exclusiva dun concelleiro?. Grazas.

O sr. Alcalde toma a palabra: Simplemente lle vou rebater ó do 20,54% , sabe vostede perfectamente que é mentira. Nada máis queda levantado o Pleno.

En relación a pregunta formulada polo Sr. Fernández ó Concelleiro de participación veciñal e servizos sociais, infórmase que se fixo por operatividade do servizo e considerouse que o mes de agosto era o máis axeitado para os usuarios e para que todo o persoal puidera disfrutar das súas vacacións. A bolsa de contratación esta pensada para substituír a baixa dun traballador ou para unha emerxencia.

No referente as preguntas formuladas polo Sr, González, dicir que : 1º. O responsable das piscinas municipais é D. Adrián. 2º. Si sabe o Sr. Alcalde que significa adicación exclusiva dun Concelleiro.

Concluído o anterior, non sendo outro o obxecto da convocatoria, pola Presidencia dáse por finalizada a sesión, sendo as 21:40 horas, no lugar e data ó principio indicados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como secretario, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA XERAL